

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE TRABAJO E INMIGRACIÓN

2883 *Real decreto 103/2010, do 5 de febreiro, polo que se modifica o Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións da orde social e para os expedientes liquidatorios de cotas á Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 928/1998, do 14 de maio.*

I

A Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio incorporou parcialmente ao dereito español a Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, en virtude do mandato contido na súa disposición derradeira quinta.

A dita lei indica na súa exposición de motivos a necesidade de proceder a realizar un exercicio de avaliación de toda a normativa reguladora do acceso ás actividades de servizos e do seu exercicio para adecuala aos principios que esta lei establece.

Este é o obxectivo da Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, cuxo artigo 9 introduce unha serie de modificacións na Lei 42/1997, do 14 de novembro, ordenadora da Inspección de Traballo e Seguridade Social, modificacións que teñen como finalidade asegurar a colaboración e cooperación entre autoridades con competencia para iniciar procedementos sancionadores nos distintos Estados membros, mediante a comunicación de feitos que poden dar lugar a sancións por outros Estados membros, cando estes se comprobaran no exercicio da actuación inspectora. Poderanse utilizar como medios de proba os datos ou antecedentes que consten nas administracións públicas dos correspondentes Estados membros, e nestes supostos preverase a interrupción de prazos de caducidade por imposibilidade de obter información debido a dificultades na cooperación administrativa internacional, sinalando como competencia exclusiva da autoridade central as funcións de colaboración e asistencia administrativa con autoridades dos distintos Estados membros.

É necesario, polo tanto, realizar unha adaptación da normativa regulamentaria reguladora do procedemento para a imposición de sancións por infraccións da orde social ás novidades introducidas pola Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, na Lei 42/1997, do 14 de novembro, ordenadora da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

II

O artigo 25.1.a) do Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións da orde social e para os expedientes liquidatorios de cotas da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 928/1998, do 14 de maio, establece que a recadación en período voluntario será efectuada polos órganos do Ministerio de Traballo e Inmigración, sen prexuízo das fórmulas de colaboración e recadación que autorice o Ministerio de Economía e Facenda.

A Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira determina a conveniencia de proceder á modificación do Regulamento xeral aprobado polo Real decreto 928/1998, do 14 de maio, sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións da orde social e para os expedientes liquidatorios de cotas da Seguridade Social, no que respecta ao seu artigo 25.1.a) de maneira que os órganos do Ministerio de Traballo e Inmigración vexan extinguidas as súas competencias relativas á recadación en período voluntario para que estas sexan asumidas polos órganos que resultan competentes de acordo co

Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo. Esta conveniencia deriva da modificación na instrumentalización operativa na recadación voluntaria, que, sen dúbida por se arbitraren medios máis eficaces, fai posible na actualidade que se eliminen as razóns que xustificaron que, conforme a previsión do artigo 45.3 do citado Regulamento xeral de recadación, resultase atribuída ao Ministerio de Traballo e Inmigración a recadación en período voluntario, a prol de satisfacer por vía de descentralización o alto volume xestionable. Razóns que resultan superadas pola realidade actual coa previsión de supresión das contas restrinxidas e o establecemento da posibilidade de que os interesados poidan realizar os ingresos a través de calquera entidade colaboradora.

A supresión da competencia recadatoria do Ministerio de Traballo e Inmigración suporía a asunción desta polas delegacións de Economía e Facenda [en virtude do artigo 3.1.b).1.º do Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo], a que igualmente correspondería a competencia en materia de aprazamento e fraccionamento das débedas. Neste sentido, débese sinalar que as delegacións de Economía e Facenda son os órganos recadadores de practicamente a totalidade das débedas non tributarias da Administración xeral do Estado, e que o caso das débedas que aquí se tratan non difire no aspecto do seu cobramento da recadación doutras sancións.

Ademais, dado que a recadación en período executivo se efectúa tamén conforme o procedemento administrativo de constrinximento previsto no Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, en prol dunha maior coherencia e precisión no texto, parece lóxico a supresión dos puntos indicados con letras no artigo 25.1, mantendo nun segundo parágrafo, incluído no artigo 25.1, as peculiaridades previstas respecto do prazo de ingreso do importe das sancións en período voluntario.

Na nova redacción do dito artigo 25.1 quedarán incluídos os órganos encargados de realizar a recadación das ditas sancións, correspondendo a recadación en período voluntario ás delegacións de Economía e Facenda, como xa se fixo referencia anteriormente, e en período executivo á Axencia Estatal da Administración Tributaria.

III

No artigo 32.1 do Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións da orde social e para os expedientes liquidatorios de cotas da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 928/1998, do 14 de maio, establécense os requisitos que deben conter as actas de liquidación de cotas da Seguridade Social. A letra d) do artigo 32.1 refírese concretamente aos datos relativos ao período de descuberto, relación nominal e grupo de cotización dos traballadores afectados, bases e tipos de cotización aplicados.

Así mesmo, ao redactar a acta de liquidación débense considerar os datos de inscrición de empresa, afiliación, altas e baixas dos traballadores comunicados polo suxeito obrigado á Seguridade Social, os cales no suposto de que este non comunicase a súa variación, con infracción do disposto nos artigos 28 e 32 do Regulamento xeral de inscrición de empresas e afiliación, altas e baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 84/1996, do 26 de xaneiro, non se corresponden cos datos dos documentos de cotización.

Ao se producir esta situación en que os datos contidos nos documentos de cotización non coinciden cos datos contidos nas comunicacións, parece máis procedente que a acta de liquidación se calcule segundo os que se comunicaron conforme as normas anteditas, salvo que no expediente liquidador quede acreditado que aqueles son os correctos.

Cando se trata de redactar actas de liquidación de cotas por falta de alta ou por diferenzas, é imprescindible a obtención dos datos dos traballadores afectados e as bases de cotización que lles corresponden, o seu grupo de cotización e demais circunstancias exixidas para a validez da acta, por canto por primeira vez se está a cuantificar a débeda por cotas debidas. En cambio, nos supostos de actas de liquidación por derivación de responsabilidade, en que se recollen supostos de exixencia de débedas por cotas á Seguridade Social, derivando a responsabilidade do pagamento do debedor orixinario a

outros responsables, ben solidario, ben subsidiario daquel, como son os casos de sucesión na titularidade, grupos de empresas, administradores de sociedades ou cesión ilegal de traballadores, a inclusión dalgún dos datos relacionados xa non é necesaria, por canto a débeda contraída e non pagada se encontra determinada con anterioridade ao acto de derivación, e non é necesario volver relacionar os traballadores afectados nin determinar as bases e grupos de cotización sobre os cales se calculou a débeda. Polo tanto, prevese que sexa suficiente con incluír o período da débeda que se vai derivar, o seu importe e o número de traballadores afectados.

Canto aos supostos de derivación de responsabilidade por contratas e subcontratas, a dificultade maior estriba na identificación dos traballadores afectados, en especial nas empresas de construción, pois frecuentemente van dunhas obras a outras de distintas empresas principais ou contratistas, e ás veces non é posible concretar o período de prestación de servizos en cada unha, e máis cando as propias empresas afectadas non colaboran coa Inspección. Por iso, para o caso en que non sexa posible identificar os traballadores que prestaron os seus servizos para a empresa principal nun período concreto, posibilitábase que na acta se especifiquen os criterios e medios utilizados para a imputación da débeda.

Por outro lado, no suposto das actas de liquidación por bonificacións á Seguridade Social para o financiamento de accións formativas do subsistema de formación profesional continua, reguladas no artigo 31.1.d) do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, propónse unha simplificación dos datos requiridos para redactar a acta sen afectar as garantías do suxeito responsable.

Polo que se refire á nova redacción da letra e) do artigo 32.1, esta ten como finalidade a súa adaptación ao disposto nos artigos 31.1.c) do texto refundido da Lei xeral de seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, e 65.1.c) do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1415/2004, do 11 de xuño, que no suposto de actas de liquidación por derivación de responsabilidade sinalan que esta comprenderá o principal da débeda, as recargas, xuros e custas xeradas ata a data en que se elabore a acta, así como ao artigo 14.2 do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, que pola contra sinala que a comunicación ao responsable subsidiario comprenderá a totalidade da débeda exixible ao debedor principal no momento da súa emisión, excluídas recargas, xuros e custas.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Traballo e Inmigración, coa aprobación previa do vicepresidente primeiro do Goberno e ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 5 de febreiro de 2010,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións da orde social e para os expedientes liquidatorios de cotas da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 928/1998, do 14 de maio.*

O Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións da orde social e para os expedientes liquidatorios de cotas da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 928/1998, do 14 de maio, queda modificado como segue:

Un. O número 2 do artigo 8 queda redactado do seguinte modo:

«Tales actuacións comprobatorias non se dilatarán por espazo de máis de nove meses, salvo que a dilación sexa imputable ao suxeito a inspección ou sexa debida a dificultades na cooperación administrativa internacional; así mesmo, non se poderán interromper por máis de tres meses. Se se incumpren estes prazos non se interromperá o cómputo da prescrición e decaerá a posibilidade de elaborar a acta

de infracción ou de liquidación, como consecuencia de tales actuacións previas, sen prexuízo da eventual responsabilidade en que puidesen incorrer os funcionarios actuantes.

Malia isto, nos supostos anteriormente citados, e sempre que non o impida a prescrición, a Inspección de Traballo e Seguridade Social poderá promover novas actuacións de comprobación referentes aos mesmos feitos e redactar, se é o caso, as actas correspondentes. As comprobacións efectuadas nas actuacións inspectoras previas caducadas terán o carácter de antecedente para as sucesivas, e farán constar formalmente tal incidencia.»

Dous. Engádesse un novo número 7 ao artigo 11 coa seguinte redacción:

«Nos supostos en que a actuación inspectora afecte a empresa establecida noutros países da Unión Europea e que os feitos comprobados poidan ser tamén sancionados polo Estado membro de orixe da empresa, o inspector de traballo actuante, unha vez concluídas as actividades comprobatorias, poderá propoñer ao xefe da Inspección Provincial a comunicación dos feitos e o envío da documentación á autoridade competente do outro país da Unión Europea para que inicie o procedemento sancionador e solicitar a comunicación do resultado no prazo de dous meses. Todo iso sen prexuízo de adoptar outras medidas que se consideren pertinentes. En caso de que esta autoridade non adopte medidas sancionadoras, ou transcorra o prazo de dous meses sen recibir comunicación do resultado, a Inspección de Traballo e Seguridade Social poderá retomar o procedemento sancionador.»

Tres. O número 1 do artigo 25 queda redactado do seguinte modo:

«1. As sancións pecuniarias a que se refire este regulamento, impostas por órganos da Administración xeral do Estado, agás por infraccións en materia de seguridade social, serán recadadas polo procedemento establecido no Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, correspondendo a recadación en período voluntario ás delegacións de Economía e Facenda e en período executivo á Axencia Estatal da Administración Tributaria.

O prazo de ingreso en período voluntario será de trinta días desde a data de notificación da resolución que impoña a sanción. Cando esta sexa impugnada en vía administrativa, na resolución do recurso concederáse, se é o caso, un novo prazo de quince días para o ingreso.»

Catro. Os puntos 1.d) e e) do artigo 32 quedan redactados do seguinte modo:

«d) Os datos que servisen de base para calcular o débito: período de descuberto, relación nominal e grupo de cotización dos traballadores afectados ou, de ser o caso, relacións contidas nas declaracións oficiais formuladas polo presunto responsable, referencia suficientemente identificadora do contido de tales declaracións ou relacións nominais e de datos facilitadas e subscritas polo suxeito responsable; bases e tipos de cotización aplicados; e cantos outros datos poida obter o funcionario actuante ou deducir para os fins indicados. Nos supostos en que os datos dos documentos de cotización discrepases dos contidos nas comunicacións de inscrición de empresa, afiliación, altas e baixas de traballadores e variacións de datos, a acta de liquidación calcularase a partir dos datos destas comunicacións, salvo que quedase probado no expediente a validez dos datos contidos nos documentos de cotización.

As actas de liquidación por derivación de responsabilidade, con excepción das elaboradas nos supostos de contratas e subcontratas, conterán os datos referentes ao período de débeda a que se contrae o acto de derivación, o número total dos traballadores que se encontran afectados pola derivación e o importe da débeda que deriva, diferenciando por cada un dos meses de débeda imputados a contía da

débeda principal, e as recargas, xuros e custas, nos supostos que fosen procedentes. Neste suposto, xuntarase á acta a documentación anterior que acredite a preexistencia da débeda.

Nos supostos de responsabilidade solidaria e subsidiaria na contratación de obras ou servizos previstos no artigo 42 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, e 127, número 1, do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, as actas de liquidación conterán os datos indicados no parágrafo anterior, e ademais a identificación dos traballadores que prestaron servizos nela, ou os criterios e medios utilizados para a imputación da débeda se a identificación dos traballadores ocupados non foi posible.

Nas actas de liquidación por aplicación indebida das bonificacións nas cotizacións á Seguridade Social para o financiamento de accións formativas do subsistema de formación profesional continua, previstas no artigo 31.1.d) do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, farase constar a contía da bonificación practicada e o período a que corresponda. Nos restantes supostos de actas de liquidación por bonificacións e reducións nas cotas e/ou conceptos de recadación conxunta abondará con consignar o período de descuberto, o traballador afectado e a contía da bonificación ou redución practicada.

e) O importe principal da débeda e, nos supostos que fosen procedentes, as recargas, xuros e custas percibidas ata a data en que se elabore a acta, e a suma total dos ditos conceptos.»

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase en exercicio da competencia estatal en materia de lexislación laboral, ao abeiro do disposto no artigo 149.1.7.^a da Constitución española, en canto sexa aplicable a procedementos en materia laboral.

En relación cos procedementos en materia de seguridade social, o real decreto constitúe lexislación básica, ao abeiro do disposto no artigo 149.1.17.^a da Constitución española, agás no que respecta aos procedementos en materia de réxime económico da Seguridade Social, cuxa regulación queda amparada no título competencial correspondente do artigo 149.1.17.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 5 de febreiro de 2010

JUAN CARLOS R.

O ministro de Traballo e Inmigración,
CELESTINO CORBACHO CHAVES